

Sobre o movemento estudantil compostelán ás portas dunha posible nova vaga mobilizadora estudantes 05.11.2007

*Reflexións en torno ao movemento estudantil. Cuestionamento, ubicación e propostas para que non quede outra vez no que "puido ser e non foi".
Aprendamos da LOU para non rematar no mesmo deserto.*

Este texto pretende ofrecer un punto de vista crítico sobre o que son habitualmente os movementos estudantis e o que poden chegar a ser. Despois da enorme asistencia á primeira asemblea xeral de estudantes, podemos dicir que se inicia unha onda renovada de axitación nas aulas de Compostela. Isto significa que agora temos gañas e potencial para facer cousas. E significa tamén que temos a responsabilidade (todxs xs mobilizadxs) de non facer que remate no deserto total, sen que quede nin rastro do que pasou, como aconteceu coa protesta contra a LOU. Daquela intentou exprimirse a protesta ata que se esgotou, e non se iniciaron proxectos que perdurasen. E non falamos de fundar outro inútil sindicato de estudantes nin de institucionalizar nada. Falamos de que non só chega con protestar e esixir ás autoridades. De feito, pode que dados os resultados das impresionantes mobilizacións contra a LOU, sexa o menos importante, ou ao menos, menos importante do que pensamos. Intentaremos dar as chaves das que pensamos que son os lugares comúns dun movemento que usualmente se adoita concebir como que "non pode ir máis aló", e a intentar aportar unhas razóns polas que non lle convén tampouco defender a universidade do "estado de benestar".

Temos que pararnos a pensar que é o que queremos. Non podemos crer que o sabemos, e ignorar esta cuestión ou dala por suposta poder significar, nun momento como este e no caso de que se desenvolva ese potencial movemento latente, deixarse levar polos feitos e rematar obcecados na protesta eterna sen outro proxecto. Isto é o que temos esencialmente que aprender do movemento contra a LOU. A coller a crítica á unha universidade que se privatiza, que se encarece, que está cada vez máis condicionada no seu ritmo e contidos pola adaptación a un futuro laboral que non pinta nada ben, e na que o coñecemento cada vez está máis infravalorado en función da rentabilidade. Unha universidade que se comporta como unha empresa, que nos trata como a clientes, intentándonos incluso vender gato por liebre cando pode e meténdonos publicidade ata no teléfono. Unha educación que se torna consumo e adoutrinamento, e unha vida univesitaria que se empapa cada vez máis do productivismo que nos espera na "vida" laboral. Temos que coller a crítica a todo iso, e, lonxe de quedármolos aí, empregalo como toma de impulso para a creación doutra cousa, que constitúa algo verdadeiramente transformador, que cambie a nosa vida, ou que polo menos deixe unha semente de cambio no ámbito estudantil, con posibilidade de evolucionar. É preciso analizar o noso contexto vital, as nosas necesidades, as nosas posibilidades, e propor unha posible acción transformadora desde o movemento estudantil. Ese é tamén o obxectivo deste texto.

1. CUESTIONAMENTO e XUSTA VALORACIÓN da PROTESTA

Os movementos de esquerdas usualmente non pasan máis aló do "non". Non a este ensino, non á especulación, non á falta de vivenda, non ao machismo, non ao consumismo, non ás agresións ao medio ambiente, non á falta de dereitos... e dedícanse a protestar. Unha protesta xustificada; pero tamén custosa, sacrificada, repetitiva, aburrida, e as máis das veces inútil, torpe e desorientada. Podemos encamiñar moito mellor os nosos esforzos. Non podemos contentarnos con dicir que "non", e afogarnos na constante repetición do monosílabo maldito. Está ben, temos razón, xa o sabemos. Imos agardar a que nos fagan caso? Non imos convencelos, porque facer un ensino de calidade e que atenda ao coñecemento útil para a xente e non a reproducir os

valores que sustentan a acumulación de beneficio económico inútil, porque simplemente remataríaselles o negocio. Non van ceder. Isto tamén o aprendimos da LOU, na que todas as demandas foron reapropiadas e traicionadas polos partidos socialdemócratas do arco parlamentario que dician sentilas como propias.

A protesta sempre foi un lugar común da esquerda, e como tal está presente no imaxinario social: "non te quedas caladx, protesta". Si, si, pero mais importante que o protestar esperando a que outros cambien a cousa, é o cambiala, o facer, a construción doutra cousa mellor de acordo co que nós queremos. A protesta, o que non nos gusta debe ser un PUNTO DE ENCONTRO PARA ARTELLAR UNHA PROPOSTA, e non unha negación e denuncia perpetua de algo que non nos gusta, mentres cruzamos os dedos para que cambie. Temos que abandonar todo iso, se realmente queremos facer algo útil. Temos que intentar facer algo, noutras coordenadas, algo que non obedeza á irracional racionalidade do beneficio económico, se realmente queremos cambiar algo, e non só só agardar ao que non se vai dar ou ostentar unha bonita adscripción grupal para sentirmos un pouco menos baleirxs. Por que contentarnos con protestar agardando a que cambien o que non van cambiar (porque sería ir contra as esixencias da economía), se podemos crear nós outra cousa? Por que insistir para que cambien o ensino que non van cambiar (hai moitos cartos en xogo...) se podemos tomar o control do noso propio ensino? A única acción que pode cambiar as nosas condicións de vida, é construír as condicións necesarias para satisfacer os nosos propios dereitos, necesidades e desexos.

A protesta, copada ademais por lideriños, poderes, hábitos rituais e símbolos-fetiché, é a única acción "transformadora" que temos realizado polo momento, co famoso "non a Boloña" (bastante pouco transformadora pola mesma presenza deses lideriños, poderes, hábitos e símbolos que nos paralizan, e constitúen realmente parte do problema). Non queremos agardar a ningún mesías que nos guíe na nosa propia emancipación. Quen pretende usar a protesta para difundir a crítica e gañar adeptos á súa secta inmóbil, actúa como se xa soubese o que ten que facer de antemán, coma se todas as determinacións estivesen tomadas e todos os posicionamentos xa previamente decididos pola súa "ideoloxía". Sempre en defensa incondicional da protesta eterna... e de nada máis. Unha actitude paralizante en nome do conformismo e a resignación, con argumentos do tipo: "estamos facéndoo ben", "isto é o que hai que facer". Para quen así o concibe trátase simplemente un momento de captación de nova xente para manter unhas estruturas de poder (xuventudes de partidos, sindicatos, asociacións de estudantes...) que moitas veces tampouco chegan a facer nada máis aló que subsistir e manter os seus líderes, poderes, hábitos e símbolos, e crese os "adalides da revolución". Sempre están á caza dos movementos, intentando parasitalos para alimentar ás súas estruturas inmóbiles. Non podemos ter nada demasiado claro, non podemos creernos que o sabemos todo, nen que outrxs o saben todo, porque isto sería rexeitar a oportunidade de seguir aprendendo da realidade que nos arrodea, e iso na práctica suporía renunciar a cambiala. Isto obedece a unha ética profundamente competitiva, para que "gañen os nosos", e na práctica antagónica a calquer tipo de ética de construción do común. E débese a unha adscripción grupal anterior que establece xuízos a priori que non poden ser contestados, exercendo unha coacción sobre a propia aprendizaxe das situacións cambiantes. Temos que abandonar todo iso, se realmente queremos facer algo útil. Temos que evitar que outra xente (viva ou morta, pasada ou presente) pense por nós, se realmente queremos acometer unha acción transformadora, e non só enarbolar unha causa-símbolo para sentirmos mellor gracias a calidade de "sacrificados mártires pola revolución", na realidade resignadxs a manter unhas pequenas institucións faltas de ideas. Non podemos renunciar a aprender constantemente das situacións nas que nos atopamos, nin a explotar todo o potencial de cambio que temos.

A protesta ven funcionando por tanto como oportunidade para difundir a crítica do establecido, para "espertar consciencias"... e ser máis para protestar. "Espertar consciencias" non deixa de ser necesario, pero hoxe por hoxe o problema principal non é a falta de consciencia das nocividades dun capitalismo que sobrevive sen problemas á publicidade aberta dos seus crimes, que moitas veces sufrimos nas propias carnes; senón que é a resignación ao establecido pola falta de confianza na idea de que se poida vivir doutro modo. Este foi o grande logro do capitalismo nos

últimos anos, grazas a filosofía do "fin da historia": o "non hai alternativa". E está máis ancorada do que parece... O mellor modo de superar esa falta de confianza é precisamente explorando desde xa eses outros modos de vivir e relacionarnos, e socializando esa procura. Non podemos agardar a unha profética "situación revolucionaria" que pode que nunca chegue para controlar a nosa vida e entretanto seguir padecendo o roubo da nosa existencia para a utilidade inútil do capital, seguir padecendo o secuestro dos nosos desexos para despois ter que comprar uns sucedáneos inflados de pomposo marketing; e ao fin, en certo modo xustificando estes crimes involuntariamente coa nosa inacción. Non podemos limitarnos a non entonar outra mensaxe que esa crítica, e renegar doutra aspiración colectiva que a pálida reforma do que hai baixo os criterios igualmente nocivos do estado de benestar. As transformacións non chegan de parte do poder se realmente son unha victoria ante a economía. Non queremos ser máis a "conciencia" do sistema, que entona a eterna protesta e di o que está mal (para que continúe igual). Queremos ser as mans que constrúan outra cousa. Queremos facer. E existen moitos campos nos que podemos comezar a construír desde xa.

Ademáis, centrar a acción no movemento estudantil exclusivamente no terreo da protesta lévanos na práctica a defender a universidade do estado de benestar. Unha universidade que non deixa de prepararnos para unha vida economizada, e que por tanto segue sen responder ás nosas necesidades reais, e ao propio placer de saber. A ofensiva neoliberal ás veces remata por non deixarnos ver cal é o noso propio obxectivo. O "menos malo" non é unha opción transformadora, por moito que o defendan, por exemplo, algúns seitores socialdemócratas do profesorado que se cren moi "revolucionarixs". Non empregaremos o noso tempo e enerxía en defender unha nocividade "menor", porque esta "menor nocividade" non é nada en comparación co que é realmente a dominación da vida, á que ao fin os dous modelos capitalistas nos abocan. Rematar defendendo a "outra ideoloxía" do capital é igualmente unha derrota.

Esta merda de ensino, que cada día vai a peor, é un paso previo a un traballo que tampouco nos gusta. A unha vida que nos é arrebatada. Este é o primeiro paso para a integración na economía: vender a propia forza de traballo. E como tal, este ensino límitase a prepararnos para esa vida, para esa posta en venda das nosas capacidades (que deben ser atractivas para o capital, que é quen contrata). Por iso o ensino non vai poder ser nunca, nos guste ou non, como a nós nos gustaría. Porque o que debe cambiar está tamén en nós, é ese modo de relacionarse no que nos educaron o que ten como consecuencia esta merda de vida. Trátase de buscar outro, na práctica e desde xa. Temos que ser conscientes de que podemos protestar todo o que queiramos, pero que isto non vai server para cambiar nada neste sistema. Quen fala de sistema fala dese modo de relación humana, e de todos os condicionamentos culturais que o perpetúan. No mundo occidental, no mundo conquistado por occidente ao longo dos últimos séculos, "o sistema" é o modo de relación en base á economía. Así as cousas, o que temos é que cambiar este modo de relación, fuxir da mediación que a economía fai das nosas necesidades e desexos porque ao final temos rematado adaptando as nosas necesidades ás da economía, e esta sociedade nos oprime máis que satisfai as nosas necesidades "naturais". A educación realmente, e como din os conservadores, non pode ser doutro xeito, nen nada do que non nos gusta, dado que obedece ao dictado ineludíbel da economía. Non pode ser doutro xeito se a economía segue a rexir a nosa vida. Non pode ser doutro xeito neste sistema de relacionamento. O que temos que cambiar é o sistema. E iso non consiste en poñer bombas. Non consiste principalmente en destruír, en negar. Non é só que non nos deixen ser libres. Trátase dunha opresión interiorizada, dun condicionamento cultural para non saber vivir doutro modo que no capital. E ante iso, de pouco serve a reclamación, a negación, "a loita", ou as baleiras palabras dun revolucionarix de carpeta se non se inicia primeiro unha procura dunha saída, o ensaio dunha alternativa de reprodución social. Crear outro xeito de relacionarnos, desde xa. Aprender a vivir sen pasar pola forma mercadoría, pola forma traballo, e pola forma diñeiro, que ao fin consisten no mesmo. En procurar a satisfacción das nosas necesidades e desexos reais por nós mesmos. Crear as condicións para satisfacelas fora da economía. Este debe ser o primeiro paso estratéxico. E o triste é que a maioría das veces nen tan sequer se da, e se inicia unha "loita" sen saber face a onde se vai.

Enténdase ben. Non dicimos que haxa que cesar de denunciar as nocividades dun mundo organizado en torno a uns conceptos-ídolo que non se cuestionan, namentres se desencadea violencia (explícita e implícita) e o consecuente sufrimento por doquier. Que haxa que cesar de desentrañar os mecanismos da dominación da vida á que somos suxeitas desde que nacemos. Pero a cuestión é que estes mecanismos non son só externos (campo de acción da protesta), senón tamén - e principalmente - internos a nós: somos os individuos os principais portadores do mesmo poder que nos oprime coa reprodución dos comportamentos inerciais da sociedade que nos educou, que nos condicionou. Que nos educou na inactividade como estado desexábel para así depositar toda a nosa actividade no traballo, no tópico publicitario da "comodidade", que é como dicir: "dedica todas as túas enerxías ao traballo, non fagas nengunha actividade fora de aí excepto consumir, e serás feliz"; que nos educou no medo, na desconfianza, na atomización social que nos impide compartir, porque así se venden mais cousas; na "normalidade"... E somos xs principais perpetuadorxs por tanto da nosa propia dominación. Estamos condicionadx para selo. Non (só) co noso silencio, senón principalmente coa nosa falta de construción noutro sentido. Se non coñecemos tamén eses comportamentos, esas actitudes (individuais, e colectivas como a exclusividade da protesta na axenda da esquerda) e construímos unha alternativa en base a ese coñecemento crítico, nunca superaremos este triste modo de relación social. Si que debemos acometer unha protesta para denunciar os mecanismos externos de dominación, pero paralela a unha crítica da nosa propia actuación no mundo, e a oportuna construción de vías de saída da mecánica vital economicista. E transformarnos a nós (un nós tanto colectivo como individual), que somos consecuencia e orixe do poder. "A xente" non existe. Existo eu, e o meu entorno. E unha chea de "eus e os seus entornos". Non podemos ubicar a responsabilidade de que a nosa vida sexa unha merda en que "a xente non fai nada"... Trátase principalmente dunha cuestión de equilibrio: a acción non pode estar orientada en exclusiva á negación, á protesta, que é a crítica da dominación "externa". É necesaria a autocrítica (crítica dos comportamentos e actitudes que permiten a reprodución de todo isto; crítica de nós, do suxeito, ante a cal de pouco serve a protesta, excepto como socialización da autocrítica...); e sobre todo (dado que no fondo de pouco importa de quen "sexo a culpa", se do suxeito ou do sistema) é necesario ensaiar a construción dunha alternativa, baseada noutros presupostos. Ensaio permanente, en perenne provisionalidade, como primeiro paso para unha transformación social que nos negamos a anticipar como e cuan profunda debe ser, porque non se pode construír noutro sitio que no terreo, sobre o camiño.

Debido a todo isto, temos que asignar á protesta o xusto valor que ten. O xa mencionado punto de encontro no descontento para iniciar esta construción.

2. UBIQUÉMONOS... POR UN CAMBIO "MÁIS ALÓ"

Sabemos que nen os ricxs son felices. Por iso xa non queremos ser ricxs. Fannos competir entre nós, pisarnos, para fuxir do paro e a pobreza material e chegar á "terra prometida" do curro estábel (ou máis ou menos continuo) e a vida pechada no paraíso unitario artificial consumista dunha casa "Ikea" con todas as comodidades como única posíbel aspiración vital. Estamos moi comunicadxs, pero soas. Podemos viaxar, pero rara vez chegamos a ver outra cousa que un escaparate do lugar no que nos atopamos... Vivimos nun sistema de relación humana que nos secuestra de por vida en nome dun dubidoso "beneficio da sociedade" (sociedade = economía?), namentres nos convence de que o secuestro é necesario para obter o manxar envelenado do consumo, que media o noso desexo e nos alonxa de todo o placer de vivir. Non estamos dispostas a vender nen un segundo da nosa vida a cambio desta supervivencia de merda nun mar de necesidades que non temos realmente, e que nos fan crer que non temos outra alternativa que aceptalas, só para que a máquina siga xirando. Non queremos vivir unha vida que temos que sacrificar primeiro para "gañárnola" (namentres outrxs "a perden"...) e ter a posibilidade de vivir só cando estamos cansxs, xa somos velhxs e ademais xa non nos lembramos de como se vivía: cando xa nos roubaron a vida.

Se seguimos o xogo da economía non temos outra cousa que pobreza vital: agora que temos

todo non sabemos que facer, chega o aburrimiento sumo, a nulidade, a nada como única perspectiva de vida. Porque xa non sabemos facer outra cousa. Pode que agora non sintamos que nos vai acontecer todo isto, pero só temos que mirar á vida da xente de 30-40 anos que coñecemos. Máis pasa o tempo, máis pobreza vital. É unha tendencia xeneralizada: as relacións sociais vóltanse mecánicas e ríxidas, a cotianeidade pesada e monótona, sempre entre o traballo, a casa (= TV, é xa case un sinónimo), e o centro comercial ou o bar. E é esa unha "terra prometida" (por chamalo dalgún xeito...) que nen sequera todxs acadamos. Pero esa vida é igualmente unha merda. Non se trata só dun reparto mais xusto do mundo. O problema non é SÓ a pobreza, non é só un problema material; nen é SÓ o problema ecolóxico de que esteamos rematando coa terra metabolizándoa a marchas forzadas nunca vistas na historia da vida; nen é SÓ o problema da dominación da muller e dos povos... (sen desconsiderar o dano que fan esas explotacións; nen ás loitas que se opoñen a elas). Porque realmente a moral capitalista tamén aspira a absorber esas loitas, tamén di/cre loitar en certo modo contra iso: leis e programas sociais do estado e das empresas que por outro lado causan ese mesmo dano ao que din enfrentarse. O capitalismo do estado de benestar, da "socialdemocracia", ofrece esas "solucións" parciais (convertirse en centro turístico para os povos dominados, integración laboral para a muller, traballos obrigados e sen sentido para os parados...) porque na súa moral (que é a "única posíbel") aspira finalmente a adaptar toda a realidade social global ao mesmo esquema de explotación ideal, do primeiro mundo rico ideal (o modelo traballo-consumo-traballo-...), que se ofrece como "xusto". Ese é tamén o sentido da política de bolsas para poder acceder a unha educación que do mesmo xeito só obedece aos criterios do mercado. Aínda así, de momento tampouco é materialmente posible a xeralización absoluta deste modelo de explotación "mellor", no que se ten confianza absoluta: o capital aínda necesita de moita pobreza, tráfico de armas, agresións á terra, subordinación da muller, que uns povos "máis avanzados" dominen outros, guerras... para funcionar. E é probábel que non o sexa nunca. Esta vontade, ou pretendida vontade, de someter todo á mesma explotación "ideal", é, no fondo, o famoso "pensamento único": se queremos cambiar o resto de consecuencias "actuais" (que seguramente sexan necesarias e estruturais a este modo de vida) do modelo de explotación, debemos esperar pacientemente, porque "xa cambiará, como o fixo no pasado". Por iso existe un capitalismo verde, un capitalismo rosa, un capitalismo gai, e incluso un capitalismo que ostenta a bandeira galega... O capital descubriu que todas as bandeiras se venden ben. Pero se a actividade e as capacidades humanas seguen estando baixo o dominación absoluta do traballo e o consumo, isto é, que deben cumprir coas necesidades da economía e non as dos seres humanos, a vida dista moito de ser libre. O problema do capitalismo non son só as desfeitas "colaterais". É o propio presuposto, o propio núcleo, a forma de vida que presupón. Non é un problema económico, que se pode reaxustar coas correspondentes medidas compensatorias (o estado do benestar), senón un problema de economización da vida. É o problema de actuar coa confianza de que os intercambios económicos (matemáticos) se corresponden coa solución das necesidades sociais, cando temos mil e un exemplos de que non é así; e cando esta "matematización" da vida en realidade o único que fixo é distorsionar esas necesidades humanas e levalas ao terreo que máis lle conviña (o consumo), para cumprir as súas propias necesidades, que xurden como propiedades emerxentes no sistema de intercambio de mercadorías.

E o que sustenta isto ten algo de cultural, mental, psicolóxico, de educación, de gaiola reproducida na cabeza de cada un/ha de nós: o control, captura, falseamento e comercialización da nosa propia actividade (traballo) e dos nosos propios desexos (consumo). E este falta de control sobre a nosa actividade e desexos ten vital importancia desde o momento en que constitúe o substrato indispensábel para a reprodución inercial desas outras desigualdades e explotacións, deses outros problemas "colaterais" e intrínsecos á máquina económica, que tamén se seguirán dando. E por iso é preciso igualmente loitar contra eles sendo conscientes da súa causa última, desde unha perspectiva integradora das loitas e sen outorgar máis importancia a unhas que a outras. Porque se non chegamos máis aló das 4 consignas de sempre, e separamos estas loitas que no fondo teñen a mesma orixe, dirannos: "Si, tedes razón. pero non pode ser doutro modo.", "Xa cambiarán" - cada unha desas desfeitas colaterais - "como o fixeron no pasado..." para derivar en novos modos de explotación. "Agora podemos votar!". E que? Se o

sistema non cambia, a explotación para converter a vida en diñeiro seguirá aí, dunha ou outra forma: é mellor estar do lado dxs que sufren a pobreza vital que estar do lado dxs que sufren a pobreza material? Non estamos en condicións de xulgallo. O que si podemos afirmar é que TAMPOUCO QUEREMOS A SÚA "EXPLORACIÓN IDEAL". Non queremos nengunha explotación! E o único xeito de facer que cambie, e que comece a cambiar desde xa, é xuntar forzas en torno a idea de que pode ser doutro xeito. E o mellor modo de facer isto é atacando o corazón conceitual do capital, que establece na nosa inacción e aceptación das miserias que vemos un dos seus pilares fundamentais: comezando a construír ese outro xeito de vivir, reapropiándonos da nosa actividade e do noso desexo, dos cais estamos desprovistos desde o nacemento. E aprender a vivir con eles (auto-educarnos con eles, hoxe por hoxe somos analfabetxs en canto ao noso desexo e actividade, ambas necesidades humanas, ignoramos o que sentimos e queremos e cremos ser felices na inactividade...).

O proceso de Boloña é tamén un destes problemas "colaterais" de que falamos, pero debemos ver máis aló e saber a que nos estamos enfrentando. A mercantilización da educación (un proceso que certamente ven de vello...) non é máis que outro paso na perfección do sistema de explotación, que permanecerá inmutábel se permanecen inmutábeis os seus pilares base: consumo, traballo. Non só se trata dunha universidade "mellor". Aspirar a que cambien a universidade a como a nós nos gustaría non é suficiente (sobre todo porque non o van facer, poñámonos como nos poñamos). Senón, asumiríamos unha función "sindicalista": de mellorar as nosas condicións de explotación. Debemos abrir espazos de coñecemento non capitalizado face a unha vida non economizada, algo moito mais útil dende unha óptica transformadora. Doutro xeito, non faríamos nada máis que patalear (iso si, con toda a razón) para ter unha escravitude "mais digna" (se é que existe tal cosa), e reclamar o que non nos van dar.

É necesaria por tanto unha investigación práctica sobre a vida que levamos e a vida que podemos levar. E por isto é que a negación, a crítica e a denuncia son insuficientes. Non nos podemos crer que o temos moi claro. É necesario experimentar, desencadear e desenvolver; ensaiar, crear formas alternativas de reprodución social para procurar unha saída. Explorar e coñecer a nosa actividade (alienada pola cultura do traballo), o noso desexo (alienado pola cultura do consumo), e como funcionan. Non renunciar a aprender e modificar os propios xuízos. Re-pensar sempre todo de acordo coas novas condicións, cos novos coñecementos. E coñecemos e criticarnos nesa experimentación, para desvelar os mecanismos de opresión de que somos portadores, e superalos. De sermos nós, de búsqueda do que somos e do que queremos, e de mantemento desa procura, que abra a porta a un outro xeito de relacionarse. Fóra do estado, do capital, e de todo poder, que é por definición competitivo, e por tanto opresor. É esa competitividade, herdeira dunha cultura patriarcal profundamente ancorada, contra a que debemos loitar (paradoxicamente). Ou mellor, e xa empezamos a falar doutro modo: á que temos que marxinar creando outra cousa mellor, reapropiándonos de todos os aspectos da nosa vida que perdimos (o que ás veces tamén supón unha reapropiación material, e un confronto). Porque esa competitividade precede a todo o demais, porque é a que derivou historicamente na economización da vida e na substitución das necesidades dxs humanxs polas propias necesidades dun sistema de intercambio, na mediación e distorsión desas necesidades e capacidades de acordo cunha coxuntura económica que se rixe polas súas propias leis. E debemos facelo opoñendo unha outra ética, unha ética cooperativa, unha ética que se corresponda co que verdadeiramente queremos (que tamén teremos que buscar, e con ollo crítico... ao fin e ao cabo educáronnos neste analfabetismo emocional para ser "economicamente aptxs"...).

"ESTAMOS DESEQUILIBRADXS"

Unha vez que o pensamos así, dámonos inmediatamente conta de que existe unha enorme descompensación (devida a unha comodidade inercial, que tamén padece a xente "concienciada", ou que se cre/di "concienciada"...) na nosa acción práctica na realidade, entre crítica e proposta. Nós, que tanto falamos, tamén somos (eramos?) inmóviles. Podíamos berrar, e que? Ao fin e ao cabo tamén interiorizáramos a idea de que a felicidade reside na inactividade... idea que como xa dixemos, tamén deriva no reforzamento da nosa propia

explotación. E porque somos conscientes diso queremos levar a cabo unha acción propositiva, que é a máis importante; e superar a negación repetitiva, excesiva, paralizante, e aburrida como única tarefa transformadora. Reorientar a protesta face ao que debe ser: o punto de encontro a partir do cal crear outra cousa, e non como mera reclamación de dereitos que "non temos o deber de materializar". Os dereitos non se piden, tómanse. Comezar a ocuparnos do verdadeiramente importante: construír. Estamos convencidas de que aínda que non teñamos moi claro como debe ser (e isto é en realidade o mellor de todo), a resposta debe comezar. Só necesitamos un punto de partida. E esa incertidumbre é o mellor de todo porque nos deixa todo por facer, todo por crear, todo por experimentar, todo por aprender... Estamos convencidas de que podemos artellar (ou comezar a artellar) un outro xeito de relacionarse, que opoña a cooperación à competitividade, o compartir ao "gañarse a vida" (facendo perdela a outros); a vida, en suma, á supervivencia. E queremos corrixir esta descompensación, polo menos no que atinxe á parte que nos toca.

E todo isto pode comezar cando nós queiramos. Mesmo xa; porque non precisamos erixir un poder, nen estatal, nen "científico", nen simbólico, nen de xénero, nen de ningún outro tipo (léxase, as institucións partidarias, sindicais... ou calquer outro poder que aflore no futuro das inercias, das competicións, dos egoísmos, das ignorancias...), porque precisamente o poder é parte do problema. O poder está en nós. Nós permitimos que exista. Debemos desempoderalo. Empoderarnos, pero sen aspirar á creación de xerarquías, a constituír outro poder. Estamos so(a)s. E non estamos dispostas a delegar nen unha mínima parte das nosas capacidades, a que decidan por nós, o cal sería deixar en certa medida de ser nós mesmas, e como xa dixemos, a procura do que somos e do que queremos é parte fundamental e irrenunciábel do proceso.

3. Proposta: AUTOFORMACIÓN

Plantexándonos como levar todo isto á práctica, cremos ter atopado un posíbel punto de partida desde as nosas coordenadas na sociedade, desde a nosa posición como estudantes: a autoformación. Tamén coñecida como universidades populares, educación horizontal, educación crítica... A educación é un ámbito moi importante na vida das persoas, e é urxente manter vivos, investigar-explorar-crear, e tamén materializar, os saberes críticos para un cambio social. A autoformación consiste en abrir espazos de socialización do coñecemento, tanto teórico-abstracto, como actividades prácticas. Mais non dun coñecemento externo á nosa vida, un coñecemento ubicado nun cómodo lugar como o futuro ou a hipótese, onde non moleste nen nos plantexa realmente problemas que nos fagan cambiar... Do coñecemento que xa temos as persoas, dun coñecemento vivo, problematizado, que é ao mesmo tempo desenvolvemento dos nosos intereses e inquietudes intelectuais e materiais. Procurando sempre a relación co práctico. "APRENDER" COMO CONSIGNA TRANSFORMADORA. E aprender non é ir á universidade, nen sacar boas notas... é saber onde estás no mundo. Aprender a vivir. Iso é ser xoven, seguir aprendendo, porque só se morre cando se deixa de aprender. E hai xente xoven de 90 anos e xente vella de 20... Miles de zombies pasan a súa vida inmóbiles. Sen pararse a mirar detidamente nada... aceptando a desesperanza como modo de vida. Esa é a vida que favorece a actual (des)organización social, e esa é a vida que non queremos. Esta ausencia total de curiosidade é un requisito fundamental para a pax romana, para a orde social, para a democracia na que tes todo tipo de dereitos a condición de non usalos, para a comodidade e a "seguridade" (de morrer de aburrimiento...), para a violencia contida da explotación cotiá de miles de persoas. Iso é o que estamos atacando cando (nos) aprendemos, cando procuramos, cando (nos) preguntamos, cando nos xuntamos a compartir coñecementos sobre os distintos aspectos do mundo que nos arrodea e da nosa propia vida.

E non só se trata de coller o noso ámbito de coñecemento, aquilo do que sabemos mais (no que estudamos ou traballamos, ou no que simplemente nos interesa particularmente) e darlle un pulo aos saberes críticos nese eido compartindo ese coñecemento... Non. Trátase tamén de CREAR os nosos propios saberes, heretizar a sacrosanta división de saberes que se corresponde co mundo que xa non estamos dispostxs a defender, e comunicar eses compartimentos estancos; e

de comezar a APRENDER A APRENDER en comunidade (para aprender a vivir en xeral en comunidade), rachando coa atomización social (que non individualismo, posto que os tintes borreguistas da vida que levamos saltan á vista...). Así, na promiscuidade dos saberes xurde unha intercambio de coñecementos non institucional. No que podemos buscar que é o que queremos saber, encontramos para compartir o que saibamos e inducir a creación colectiva de saber mediante combinacións novas de ideas que estaban mortas e inmóbiles porque se achaban incomunicadas. Socializando eses pequenos xuízos persoais, valoracións ou opinións propias que non adoitamos comunicar; esas opinións autocultivadas, produto da observación cotiá, compartilas e deixar sempre a porta aberta a modificalas, a esculpilas entre tod@s, colectivamente... Preguntando(nos) onde doe, problematizando o que vemos, cuestionando. Crear verdadeiro coñecemento, pensando entre todxs como podemos saír desta mecánica vital e afrontando estes problemas desde as diferentes perspectivas. Na colectividade, aumenta exponencialmente o grado de desenvolvemento do saber, e no encontro xurden ideas, proxectos de transformación. Se a curiosidade é verdadeira síguelle a vontade de materialización do aprendido...

AO PRÁCTICO: COMO?

Tratariase de algo tan sinxelo como quedar un grupo de xente nun espazo amplo e tranquilo para falar. Quen teña mirado o tema en cuestión, investigado un pouco, ou saiba algo do tema pola razón que sexa, e queira ofrecer o seu coñecemento/visión como punto de partida para a discusión, introduce o tema. Non ten por que ser unha persoa soa, nen ter que estar planificado-preparado. Outrx coordena: establece as quendas de palabra (só se fai falta por ser moitas ou porque non se respeitan), e se encarga de dirixir a discusión na procura da raíz, do ir máis aló... e non perderse en debates superficiais. Do práctico, de procura do significado do que se di, de traducción á nosa realidade. Non ten necesariamente que saber demasiado do tema en si, só "curiosidade práctica". Nótese que non modera, coordena e radicaliza. De se realizaren talleres mais materiais, seguirían un esquema máis tradicional, mais de "un/ha ensina, o resto aprenden", aínda que o porqué e a aplicación real no mundo dese coñecemento práctico, a súa utilidade, está igualmente suxeito á discusión colectiva horizontal.

Faise sen que haxa un que ensine e unha que aprenda. Sen autoridades. Como xa dixemos, trátase dun proceso de búsqueda colectiva, e tod@s estamos igual de perdidas (e é perigoso pensalo doutro modo e creerse milongas de iluminadx...). Tod@s temos algo que aportar, todxs somos imprescindibles, e todxs debemos procurar iso que temos que aportar axs demais. É necesario abolir esa división entre ensinar-aprender. Apréndesme, apréndeste, ou aprendes? Hai unha dirección clara no proceso? É moito mais útil concebilo como un proceso de contaminación mutua entre os intereses, as curiosidades, as dúbidas que apremian... útil en tanto que así é o coñecemento onde está depositado o verdadeiro valor e non en quen transmite ese coñecemento, útil face a unha concepción colectiva da autoría.

4. POR QUE XS ESTUDANTES? Crítica do noso "destino".

Para esta cousa de aprender colectivamente, de explorar entre todxs, non só convocamos a estudantes, tamén a traballadorxs, artistas, vagabundxs... xente en xeral, sen intención de poñer etiquetas. Incluso profesorxs, sempre que acudan en calidade de un/ha máis, a aprender de e entre todxs, e sen intención de impoñer os seus coñecementos ou puntos de vista, que xa estamos aburridxs de escoitalxs...

Pero nós, xs estudantes, podemos/debemos problematizar o saber e lanzar esta convocatoria de recuperación do noso propio coñecemento, do noso propio cerebro, dos parámetros da "utilidade económica" e pola "utilidade" persoal e colectiva (isto é a felicidade: aprender, facer, compartir, coñecer, explorar, crear...), sen ter sobre todo moi claro que é o mais "útil", e cuestionándoo/redefiníndoo constantemente. Podemos/debemos ser nós debido á nosa privilexiada posición social, e a que teñamos menos limitacións que outros seitores da sociedade, e mais posibilidades e recursos para levar adiante un proxecto coma este. Estamos

nunha bisagra, nun non-lugar, un non-tempo do capital. Estamos na época na que asimilamos a gaiola da sociedade. Na que asumimos como normal que nos rouben a nosa vida para os propósitos que os índices económicos mandan, e que a maioría das veces ten unha dubidosa función social, no momento no que temos que "aprender", e "aceitar", que o tiránico concepto de "tempo libre" é a única parcela da nosa vida que nos pertence, e na que tampouco podemos explorar demasiado a vida, porque debemos seguir reproducindo a sociedade que nos rouba o tempo mediante o consumo e a satisfacción de necesidades creadas pola economía (necesidade última da nosa sociedade). E nese "intermezzo", previo á inserción laboral, temos o máximo potencial de cambialo. Non despois. Será tarde. Estamos no momento adecuado.

Somos xoves. Somos libres. Ou un pouco máis libres que o resto. Alomenos desfrutamos máis da vida. Ou iso parece. Aínda non esquecimos de todo a creatividade e curiosidade da infancia e nos queda algo de vontade da adolescencia... E ao mesmo tempo temos moitos privilexios que se lles proiben á(o)s "menores". Pero non podemos pensar que vai ser sempre así. Pensar no futuro é actuar para manter o que temos, e non permitir que ningún sistema, ningunha triste inercia histórica, nos diga cais son as nosas necesidades e nos dirixa á renuncia da vida para satisfacelas. É momento de procurarmos por nós mesmxxs. Podemos desfrutar máis da vida porque aínda nola están arrebatando. Mais o proceso non rematou. Está aí. Para moitxs de nós xa comezou, xa tivemos as nosas primeiras experiencias no mercado de traballo. Pero non podemos ficar simplemente ollando como este proceso se consuma. Debemos ollar ao noso futuro máis inmediato, á xeración precedente (xs nosxs nais e pais) e deducir as formas de explotación da vida que nos serán impostas. Porque non vai ser diferente. Non imos ter esta (pequena) liberdade para sempre. Pronto esta previsto que nos convirtamos nxs nosxs n/pais. "Non te das conta de que chegas a casa todos os días tan cansx que ao final un día e outro deixas para máis adiante a tarefa de vivir?" "Déixame, non me fales diso agora... tou cansx...". Así até que perdemos a conta e xa non nos parece nada fóra do normal... até que nos adaptamos. Até que rematas por aceptar a TV, ou outros sucedáneos interesados desa vida perdida que che ofrecen empresas "do seitor do ocio", cunha dubidosa función de realización persoal. Toda a tua enerxía manual e nerviosa debe ser empregada nun traballo. E, ademais das condicións de traballo (repetición, monotarefa, obriga de desenvolver a mesma actividade de sempre aínda cando non che apeteza...) o propio traballo é habitualmente unha actividade que non fai máis feliz a ninguén, senón que tende a corresponderse coa necesidade de satisfacer outra absurda necesidade creada... pola inercia económica. É unha prostitución das nosas vidas para obedecer aos criterios dunha lóxica creada polo ser humano, a economía, que xa non serve máis ao ser humano senón ao revés: impón as súas regras sobre a nosa vida.

Mais tampouco podemos pensar que a desta vida (a vida de estudante) é toda a liberdade á que podemos aspirar. Temos estes privilexios porque o sistema necesita que estudemos. Isto é, valorizarnos como produto futuro de explotación do capital, posto que non se trata precisamente dunha educación dirixida á procura do coñecemento... mais ben se podería dicir que esta procura brila pola súa ausencia hoxe en día na universidade. Ademais, ímonos "educando" na vida no "ocio", no desexo sucedáneo: o consumismo, a acumulación de cousas para que nos permitan facer, para non limitar nengunha das nosas potencialidades; contentando-nos pensando en proxectos futuros que nunca se realizarán e pensando que iso é verdadeira vida, e rara vez chegando a actuar polo que cremos... e así nos adoutrinamos na ausencia de búsqueda e acción, ausencias que despois serán un valor económico.

Cando estamos traballando, e somos ese produto, esa materia prima en acto, botamos en falta a vida de estudantes. Por iso o de "que ben se vive de estudante...": existe unha idealización, que nos fai tomar a parte polo todo. Pero non nos podemos crer que este é o horizonte, que isto é todo ao que podemos aspirar. Non nos podemos deixar enganar polo "carpe diem" entonado por outro anuncio, que apela ao mito publicitario da "xuventude" e nos insta a "aproveitala", porque rematará... Carpe Diem é hoxe a procura do desexo. A fuxida da lóxica uniformadora e esmagante do capital. E non falamos dun desexo acrítico, que que non sería incompatíbel co modelo consumista. Un cuestionamento de que é aquilo que realmente queremos para vivir felices e unha reflexión en torno a como podemos conseguilo. Debemos procurar formas de

manter e ampliar a nosa liberdade. Outras formas de relacionarnos. E vivir dun outro xeito. Aproveitar a situación privilexiada na que nos atopamos nesta época da vida para explorar novas formas de vivir, novas formas de organización social, ao fin. E sobretudo de facer que eses xeitos de procurar permanezan. Non as formas, ao fin, necesariamente suxeitas ao cambio, senón facer que a procura continúe, conseguir afianzar un motor de búsqueda. E ser plenamente conscientes de que se non o facemos, en pouco tempo seremos un/ha máis. E ese feixe de belas experiencias xa só serán recordos dunha vida pasada, anécdotas nas que recrearnos, ou migallas do que puido ser e non foi... E é difícil dar volta atrás. Un/ha máis dedicando a meirande parte da súa enerxía a un traballo do cal non está segurx da súa verdadeira función, un/ha máis consumindo os mesmos produtos inúteis e facéndose cun amplo desván para botar alí, en forma de produto de consumo, todo o produto do seu traballo, do seu tempo, da súa enerxía: da súa vida... Debemos ver o que se nos ven enriba. Debemos ser conscientes en que momento da vida-capitalizada nos atopamos. Debemos saber que esta vida, e estas pequenas liberdades, van rematar. Estamos na última etapa do proceso de adecuación ao sistema económico de explotación da vida para... que obxectivo final? Para perpetuar o propio sistema económico, que é agora quen decide e quen determina o que ocorre na vida (ou na morte) dos seres humanos, e non nós. E non hai ningún malvado detrás disto, é simplemente o produto dunha inercia cultural, a propiedade emerxente dunha xigantesca rede de medo e atomización social na que se foi sumindo a nosa cultura, que aínda que nos pensemos o contrario, non deixou todavía de ser unha prolongación da loita animal pola supervivencia. Unha inercia que está chegando a explotar a vida de xeitos que nunca se deran antes, xa que está comezando a explotar incluso as capacidades cognitivas humanas: a linguaxe, os símbolos, os afectos... (derivando isto tamén na prolongación do asasinato da terra e das outras desfeitas colaterais que xa se daban antes...). A todo isto podemos opor a procura do que queremos e a procura de sentido á nosa actividade, face á satisfacción dos nosos desexos reais, e non os dunha máquina económica.

REMATANDO

Somos conscientes de que non hai que deixar de lado a crítica ao proceso de Boloña e a mercantilización do ensino, pero tamén somos conscientes de que non nos podemos quedar aí, e sobre todo, de que debemos ter en conta o verdadeiro papel e importancia que lle damos a esta protesta. A función desta denuncia das nocividades do capital non é outra que coller forzas para crear "algo", para comezar unha procura desde a nosa posición na sociedade para desproductivizar o noso entorno productivo (o coñecemento, aprendemos para valorizarnos como capital). Desproductivízalo para poñelo ao servizo das nosas necesidades reais, e saírnos da vida economizada... Esgotar a protesta acabaría cun movemento que promete, e que pode chegar moito máis aló que a mera denuncia do mal que está o ensino. O obxectivo é construír as condicións para satisfacer os nosos propios dereitos, en vez de pedilos. A mencionada autoformación é unha opción. Pero non é a única. Existen outras opcións de construción sen saír do noso ámbito movemento estudantil que se pode comezar a realizar xa: bibliotecas liberadas, comedores populares na uni... Trata-se de non deixar de procurar. Hai que facer bulir a imaxinación e intentar superar a reclamación de dereitos, sen deixar a combatividade e a difusión da oposición ás institucións difundindo os seus crimes. Pero tendo conciencia de cal é a función desta denuncia das nocividades: coller forzas para crear.

A nosa vida vai cambiar porque vai comezar a ser explotada. Tiñamos algunha liberdade mais que outros segmentos sociais cunha condición: valorizarnos como capital. E debemos anticiparnos ao noso "destino". Agora estamos no "tempo de graza" que nos concede o capital. Entre aspas, como xa dixemos esta vida é xa media-vida: estamos xa "aprendendo" a deixar de lado toda a creatividade e a vontade para aceptar o "ocio adulto" consumista e inmóvil... aínda que non é polo momento a escravitude asalariada... Por iso, agora que podemos, debemos desenvolver esas outras formas de reprodución social, e tentar sumar a canta máis xente posíbel a esa idea para non perdermos esta oportunidade. Despois será máis difícil aínda: canto máis integradxs estamos máis difícil nos resulta liberarnos de este xeito de organización social. E pensamos que o coñecemento, o saber, é un bon lugar para comezar a artellar esas procuras, e esas formas outras de actividade non subordinada ao criterio económico, senón ao noso. Estamos cansxs de símbolos, manis, protestas e reclamacións. Queremos facer. Iniciar unha

relación comunitaria co saber, para posibilitar unha vida outra. E non é pouco.

nota:

Este texto é anónimo e colectivo. Non queremos desviar a atención da mensaxe, que é o que importa. Non nos van dar ningún premio. De todos xeitos, o saber é sempre un ben colectivo: nunca nos baseamos exclusivamente en ideas propias e non podemos delimitar até que punto as ideas que transmitimos son "nosas" (o que fai que as obras reais - as ideas presentes no textos, etc. - estean sempre inacabadas). Debido a isto, podes (e debes) copiar, cortar, pegar, editar, reproducir todo ou parte, modificar, alterar, e facer o que che veña en gana con este texto, se o cres necesario para o teu propósito. Porque tamén "é teu". Pero non o vendas, o cal sería roubarllo a outrxs.